

**Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno  
correspondente ao día 10 de febreiro de 2026**

Con data dez de febreiro do ano dous mil vinte e seis, ás dez horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:**

D. Luís Menor Pérez

**Deputados/as:**

D.<sup>a</sup> Marta Nóvoa Iglesias

D. César Manuel Fernández Gil

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Manuel Seoane Rodríguez

D. Jorge Pumar Tesouro

D.<sup>a</sup> María Teresa Barge Bello

**Secretario:**

D. Adamantino Barreiro García

**Interventora:**

D.<sup>a</sup> María Begoña Álvarez Matos

Escusa a súa ausencia o deputado provincial D. Plácido Álvarez Dobaño.

A continuación iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

**1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 2 DE FEBREIRO DE 2026 (2025/5W/XGL).**- A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 2 de febreiro de 2026.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 2 de febreiro de 2026, conforme co borrador

elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- APROBACIÓN DO PLAN ANUAL DE PUBLICACIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2026. IMPORTE: 100.000,00 euros (Exp. 2026/492P).**

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

**1º.- Aprobar o Plan anual de publicacións da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2026, co seguinte contido:**

1. Que a Deputación de Ourense edite co presuposto de 100.000 € do capítulo 33416 (edicións e publicacións) dos orzamentos da Deputación provincial no Plan de Publicacións do exercicio 2026 se editen as seguintes obras:

A) De xeito directo e con presupostos máximos aproximados:

1. Reedicións

• Paseniño pola Vía da Prata (edición en castelán): 9.400,00 €

2. Obras conmemorativas / autores clásicos

• Facsimilar de Lamas Carvajal: 4.000,00 €

3. Actividade propia dos servizos da Deputación

• Raigame nº 54: 3.328,00 €

• Raigame nº 55: 3.536,00 €

• Raigame nº 56: 4.139,20 €

• Xornal Romaría Raigame: 0,00 € para este capítulo presupostario.

• Anuario da Gaita nº 39: 5.495,36 €

• Estudo para a intervención no medio rural: O caso da aldea de Osmo: 14.000,00 € [Quedaría pendente saber si habería que revisar o galego, pois se incrementaría o importe final]

4. Obras premiadas

• XXI Premio Pura e Dora Vázquez: 3.500,00 €

Por todo o exposto o importe total aproximado das obras que se editarían de xeito directo sería de 47.398,56 € (IVE incluído).

B) Baixo concorrencia competitiva (concurso), as obras que sexa posible editar por un importe máximo de 52.601,44 € (IVE incluído).

B.1. Unha liña específica para a edición de ao menos unha publicación referida aos bens culturais específicos da provincia de Ourense, co fin de que sexan estudados, se divulguen, e se poidan protexer e transmitir o seu coñecemento a xeracións futuras. Entendendo por bens culturais específicos os que define como tales a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia no seu título VII, que inclúe: patrimonio artístico, arquitectónico, etnolóxico e arqueolóxico:

-Patrimonio artístico: o estudo das manifestacións pictóricas, escultóricas, cinematográficas, fotográficas, musicais e das restantes artes plásticas, de especial relevancia, de interese para Ourense.

-Patrimonio arquitectónico: coñecemento de inmobles e obras da arquitectura e a enxeñeira histórica ourensáns ás que se lles recoñeza un papel relevante na construción do territorio e a súa caracterización cultural e que sexan testemuño dunha época histórica.

-Patrimonio etnolóxico: lugares, bens mobles ou inmobles, expresións, así como, crenzas, coñecementos, actividades e técnicas transmitidas por tradición, que se consideren relevantes o expresión significativa da identidade, a cultura e as formas de vida o pobo ourensán ao longo da historia.

-Patrimonio arqueolóxico: patrimonio cultural de Ourense de interese histórico, mobles, inmobles, susceptibles de ser estudados con método arqueolóxico.

B.2. Unha liña xeral á que poderán presentarse as obras seguintes:

- Compilacións, escolmas ou antoloxías de artigos publicados en periódicos locais de Ourense ou nas edicións locais de periódicos de ámbito máis amplo, así como gravacións ou transcripcións escritas de programas radiofónicos locais.

- Obras que teñan por obxecto o estudo ou divulgación do patrimonio natural de Ourense.

- Estudos históricos, científicos, xurídicos ou literarios relacionados coa provincia de Ourense.

- Obras artísticas, videográficas, literarias ou musicais de autores ourensáns de temática libre.

2. Que se o importe establecido para as obras que se editen de xeito directo non fora gastado, pase a incrementar o montante das que se presenten baixo concorrencia competitiva.

**2º.- Ordenar a publicación do Plan aprobado no BOP e no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense.**

**3º.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO COCNCURSO PARA A SELECCIÓN DE OBRAS PARA A SÚA EDICIÓN OU COEDICIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2026. (Exp. 2026/1269V).**

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

**1º.- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria do concurso para a selección de obras para a súa edición ou coedición pola Deputación Provincial de Ourense correspondente ao exercicio 2026, co suxeición as seguintes cláusulas:**

**BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO CONCURSO PARA A SELECCIÓN DE OBRAS PARA A SÚA EDICIÓN OU COEDICIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2026**

**Primeira.- Obxecto.**

A presente convocatoria regula o procedemento de selección de obras para a súa edición ou coedición pola Deputación Provincial de Ourense no exercicio 2026, nas modalidades de: edición exclusiva e coedición con entidades sen ánimo de lucro.

**Segunda.- Apartados temáticos.**

As obras deberán enmarcarse en:

- Estudos referidos ao patrimonio cultural da provincia de Ourense.
- Obras de temática libre relacionadas coa provincia ou realizadas por autores ourensáns.

### **Terceira.- Dispoñibilidades orzamentarias.**

A edición das obras financiarase con cargo ao programa 33416 (Edicións e publicacións) do capítulo II do Orzamento da Deputación Provincial de Ourense correspondente ao exercicio 2026.

A convocatoria dispón dunha cantidade económica de 52.601,44 €.

Esta contía poderá incrementarse se, antes de finalizar o exercicio, queda orzamento sobranse nas edicións realizadas sen concorrencia competitiva pola Deputación Provincial de Ourense.

### **Cuarta.- Requisitos das obras e das persoas autoras.**

#### **4.1. Obras**

- As obras presentadas deberán ser orixinais, inéditas e totalmente rematadas.
- As imaxes que acompañen a obra deben ser propias ou libres de dereitos (Creative Commons CC0, dominio público o con licenza que permita uso comercial y editorial). Non se aceptan imaxes descargadas de internet sen licenza explícita. Se son doutra autoría diferente ao autor do libro, a autoría deberá estar indicada no pé de foto e o autor do texto debe contar co permiso de publicación.
- Non poderán participar autores con dúas obras publicadas nas cinco últimas edicións (2025, 2024, 2023, 2022 e 2021) e/ou tres obras nas últimas dez edicións (2016–2025).
- Admítese teses, TFG, TFM e traballos científicos (actas de congresos, xornadas, simposios ou similares), sempre que non estean dirixidos a un público altamente especializado.

#### **4.2. Persoas autoras**

- Persoas nadas na provincia ou residentes nela.
- Asociacións sen ánimo de lucro, con domicilio social na provincia de Ourense.

### **Quinta.- Solicitudes: lugar, prazo de presentación e documentación**

#### **5.1. Prazo e lugar**

- As solicitudes deberán ser formuladas polo autor ou autores da obra, ou pola persoa titular dos dereitos de edición, en nome propio ou mediante representante.
- O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día seguinte ao da publicación destas bases e da convocatoria no BOP de Ourense, e finalizará o 23 de abril de 2026.
- As solicitudes presentaranse a través do rexistro electrónico da Deputación Provincial de Ourense, na oficina de asistencia ao cidadán en materia de rexistros ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **5.2. Documentación**

- Anexo I (solicitud).
- Obra completa (textos e imaxes dixitais)
- Currículo breve das persoas autoras.
- Resumo da obra.
- Anexo II e documento acreditativo da representación (se procede).
- Acreditación de ser autor ourensán mediante copia do DNI e/ ou certificado de empadramento no caso de persoas físicas, e acreditación do domicilio social no caso de asociacións.

#### **5.3. Varias solicitudes dunha mesma persoa**

Debe presentarse unha solicitude por cada obra que se aporte ao concurso.

#### **5.4. Presentación das solicitudes e documentación**

A presentación das solicitudes e da documentación realizarase exclusivamente conforme ás seguintes regras:

**a) Presentación telemática (preferente e recomendada)**

– A presentación realizarase a través da sede electrónica da Deputación de Ourense: <https://sede.depourense.es>

– Deberase achegar o Anexo I e, se procede, o Anexo II.

– A obra presentarase mediante un arquivo comprimido estruturado en dúas carpetas diferenciadas:

• Textos: obra, pés de foto, currículo e resumo.

• Ilustracións: individualizadas e numeradas, se as houbera.

– No caso de que a documentación exceda o espazo máximo permitido na sede electrónica, contactarase con teléfono 988317591 (atención en horario de 08.30 a 14.30), e no caso de ser necesario, se lle facilitará un enlace á plataforma de almacenamento de datos provincial para a presentación da documentación. Este número de teléfono tamén estará dispoñible para calquera dúbida relacionada coa presentación das solicitudes.

– Non se admitirán ligazóns a plataformas privadas de almacenamento nin servizos de transferencia de arquivos (Google Drive, Dropbox, OneDrive persoal, WeTransfer, etc.).

**b) Presentación en rexistros presenciais (só cando sexa imprescindible)**

– Empregarase a instancia e anexos oficiais dispoñibles na sede electrónica, no BOP e nas oficinas de Publicacións.

– As instancias serán dixitalizadas pola oficina de asistencia en materia de rexistros, devolvéndose os orixinais á persoa interesada.

– No caso de que a documentación a presentar exceda o espazo máximo permitido na sede electrónica, a oficina de atención en materia de rexistro xerará un enlace á plataforma de almacenamento de datos provincial para a presentación da documentación.

– A obra presentada de xeito presencial debe adaptarse ás normas previstas nestas bases.

**5.5. Obras en lista de reserva 2025**

• Consideraranse presentadas de oficio. Non será necesaria a presentación dunha nova solicitude.

• Os solicitantes poderán, durante o prazo de presentación, modificar o contido ou características de edición das obras previamente presentadas, e tamén poderán ser requiridos para completar documentación conforme ás presentes bases. Tamén poderán comunicar a desistencia da súa solicitude en calquera momento anterior á resolución.

**Sexta.- Normas de preparación dos orixinais**

As obras participantes deben reunir os seguintes requisitos:

**6.1. Textos**

Se presentarán 3 ou 4 textos en PDF:

1. Obra completa nun único documento (PDF), coa seguinte orde:

a). Título e subtítulo (se procede).

b). Dedicatoria (opcional)

c). Índice

d). Prólogo (opcional)

f). Introducción

g). Corpo da obra

h). Epílogo (opcional)

i). Listas o apéndices

j). Bibliografía

2. C.V do autor [máximo 700 caracteres]

3. Breve resumo [máximo 700 caracteres]

4. Se a obra inclúe imaxes, debe achegarse un documento cos pés de foto, numerados de acordo coa numeración das propias imaxes.

#### **Formato de texto PDF**

- Times New Roman 12.
- Interliñado 1,5.
- Xustificación ambos marxes.
- Todas as páxinas numeradas.
- Sen liñas en branco entre parágrafos.
- Cada parágrafo sangrado na primeira liña.

#### **Normas tipográficas**

- Negriña só para títulos
- Cursiva para títulos de obras, palabras estranxeiras e énfases.
- Maiúsculas segundo RAE/RAG
- Comiñas españolas « »
- Un único espazo tras os signos.
- Sen punto tras títulos de capítulos.
- Sen subliñados.

#### **Guións e raias**

- Rala (—) introducen diálogos e para incisos ou aclaracións.
- Guión mediano (–) separan dúas palabras que forman un único concepto, intervalos como datas ou séculos, ó final dunha liña indicando que a palabra contiúa.

#### **Citas**

- Citas breves entre comiñas españolas no mesmo parágrafo.
- Citas longas en parágrafo independente.
- As notas ao pé serán breves, non máis de 4 liñas.
- Ibidem / Ídem para repeticións.

#### **Bibliografía**

- Libros:

Apelidos e nome (seguido de dous puntos), título da obra (en cursivas), lugar de edición, editorial e ano.

- Capítulos de libros en obras colectivas:

Apelidos e nome (seguido de dous puntos), título do capítulo (entrecomiñado), en, nome e apelido de quen está a cargo da obra, título da obra (en cursivas), eventual tomo, lugar, editorial, data e número de páxinas.

- Referencias hemerográficas (revistas y periódicos):

Apelidos e nome (seguido de dous puntos), título do artigo (entrecomiñado), nome da revista (en cursivas), ano (se o ten), volume e número do fascículo, mes e ano de publicación, páxinas en que aparece o artigo.

- Fontes electrónicas:

Apelidos e nome (seguido de dous puntos), título da obra (en cursivas) ou do artigo (entrecomiñado), tipo de soporte, lugar (omitir se se edita en liña), editorial, fecha, URL y fecha de consulta (entre corchetes e precedida das palabras Consulta o Referencia).

#### **6.2. Imaxes**

- **Formatos admitidos:**

PNG (gráficos).

TIFF (Fotografías. Admítese JPEG solo si está en alta calidade).

- **Requisitos técnicos:**

-Color CMKY.

-Resolución: 300 ppp. [Mínimo].

-Tamaño: 2500 px no lado máis longo para páxina completa e 1200 px para o resto.[Mínimo].

### 6.3. Revisión

Recoméndase revisión por un profesional.

A Deputación poderá rexeitar obras que non cumbran estas normas.

## **Sétima.- Procedemento de selección**

### **7.1. Instrución**

#### **a) Verificación da documentación aportada**

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Sección de Arquivo e Publicacións procederá á comprobar que a documentación achegada se axusta ás bases. Se non se axusta notificarase ao solicitante mediante:

- Publicación na sede electrónica (sempre).
- Correo electrónico (só se deu consentimento).

O solicitante ten 10 días hábiles para corrixir os erros, desde el día en que se publique en la sede electrónica.

- Se non se corrixen, a solicitude queda excluída.

#### **b) Informe da Sección**

Unha vez transcorrido o prazo de emenda e instruído o expediente, a Sección emitirá un informe-proposta no que se indicará: as solicitudes admitidas e non admitidas na modalidade correspondente.

### **7.2. Avaliación das obras y propostas do Consello Asesor de Publicacións**

O Consello Asesor de Publicacións levará a cabo:

#### 1. Valoración técnica das obras, tendo en conta:

- Calidade da obra.
- Interese cultural e contribución á divulgación da realidade ourensá.
- Nas coedicións, valorarase tamén a porcentaxe de financiamento ofertada polo solicitante.

O Consello poderá excluír de xeito motivado aquelas obras que non acaden un nivel mínimo de calidade ou interese.

#### 2. Elaboración de proposta de obras seleccionadas, que incluirá:

- Lista de obras seleccionadas.
- As posibles características de edición.
- Presuposto estimado.

Se unha obra seleccionada non se pode editar por causa non imputable ao autor, pasa automaticamente ao plan de publicacións do ano seguinte.

#### 3. Elaboración dunha lista de reserva que incluirá as obras que cumbran criterios de calidade, pero non poden ser seleccionadas por falta de dispoñibilidade orzamentaria.

As obras incluídas na lista de reserva poderán editarse, pola orde establecida, no caso de que algunha das obras seleccionadas para o Plan anual de Publicacións non poida iniciarse durante o ano 2026.

### **7.3. Resolución**

Emitida a proposta do Consello Asesor, a Presidencia ditará resolución definitiva que se publicará na sede electrónica da Deputación Provincial e no Boletín Oficial da Provincia. A proposta do Consello non terá carácter vinculante, podendo a Presidencia apartarse dela de maneira motivada, logo dos informes ou asesoramentos que considere oportunos.

O prazo máximo para resolver o procedemento será de tres meses desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Este prazo poderá ser prorrogado mediante resolución da Presidencia, conforme á lexislación de procedemento administrativo común. A falta de resolución expresa no prazo establecido terá efectos desestimatorios.

### **Oitava.- Actuacións para a realización da edición ou coedición.**

**8.1.** Os autores e coeditores seleccionados deberán comunicar a súa aceptación expresa das condicións de edición ou coedición establecidas na resolución no prazo de dez días hábiles a partir da publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia.

**8.2.** A falta de comunicación expresa dentro deste prazo entenderase como renuncia. Nese caso, a Presidencia poderá acordar a edición das obras incluídas na lista de reserva, de acordo co previsto na base 7ª.3. Este acordo formalizarase mediante resolución, que será publicada nos mesmos termos que a resolución do concurso.

### **Novena.- Condicións de edición e coedición**

#### **9.1. Orixinalidade e dereitos.**

Os autores deberán garantir a orixinalidade da obra e a dispoñibilidade dos dereitos de explotación (texto e imaxes), asumindo a responsabilidade derivada do cumprimento da lexislación de propiedade intelectual.

Os autores cederán á Deputación os dereitos para unha edición da obra, así como para a súa tradución a calquera lingua e a correspondente edición. A cesión non terá carácter exclusivo.

#### **9.2. Corrección dos textos.**

Unha vez aprobada a obra, se o Negociado de Publicacións o considera necesario, antes de ser maquetada, poderá esixir unha corrección lingüística ou de estilo ao autor, realizada por un filólogo titulado. A falta de cumprimento poderá supoñer a non publicación da mesma.

Unha vez maquetada a obra os autores deberán realizar a corrección de probas no prazo indicado polo Negociado de Publicacións.

#### **9.3. Firma de contratos e convenios.**

- Os autores firmarán contrato de edición coa Deputación, onde se establecerán todos os términos da edición.

- Os coeditores firmarán un convenio polo que achegarán un mínimo do 20 % do importe final da obra ou o que se houbera sinalado na solicitude, repartíndose os custos da obra final coa Deputación. Sempre tendo en conta que o custo da edición das obras seleccionadas en réxime de coedición no deberá exceder do previsto na resolución de selección, e en caso de modificación do custo aplicaranse as seguintes regras:

a) Redución do custo: repartirase entre a Deputación e o coeditor segundo a porcentaxe establecida na resolución do concurso e no convenio de coedición, determinada pola oferta presentada polo coeditor.

b) Incremento do custo por causa de forza maior: será asumido pola Deputación e o coeditor na mesma porcentaxe establecida no convenio, sen prexuízo do dereito do coeditor a renunciar á coedición se o sobrecoste é coñecido con antelación.

c) Incremento do custo por causa imputable a unha das partes: o sobrecoste será asumido integramente pola parte responsable.

#### **9.4. Lingua de publicación.**

A obra publicarase na lingua na que sexa presentada (galego ou castelán). A Deputación poderá realizar edicións noutras linguas cando exista dispoñibilidade orzamentaria ou quede xustificado o interese para a súa difusión

#### **9.5. Retribución.**

A compensación consistirá exclusivamente na entrega ao autor do 10 % dos exemplares editados en concepto de dereitos de propiedade intelectual.

O autor poderá adquirir exemplares adicionais cun desconto do 50 % sobre o PVP, non podendo en ningún caso comercializalos, actividade reservada ao editor ou coeditores.

#### **9.6. Distribución da obra.**

A Deputación resérvase a facultade de determinar o carácter venal ou non venal de cada edición.

No caso de que a edición sexa venal, corresponderalle á Deputación a fixación do prezo de venda, de acordo coa súa Ordenanza de Publicacións e sen prexuízo do establecido nos convenios de coedición que poidan existir.

Os exemplares que non se destinen á venda serán distribuídos conforme ao criterio da Deputación, atendendo ás necesidades institucionais, culturais ou de difusión que se consideren oportunas.

Unha vez esgotados os exemplares físicos, a Deputación poderá publicar a obra en aberto na súa páxina web, co fin de facilitar o acceso público ao seu contido.

#### **Décima.- Execución.**

As actuacións deberán iniciarse no ano 2026 e avanzar, como mínimo, ata a fase de compromiso do gasto.

As actuacións que non poidan executarse por causa non imputable ao autor nin ao coeditor incorporaranse ao plan do exercicio seguinte.

#### **Undécima.- Normativa supletoria.**

En todo aquilo non previsto nestas bases aplicarase o disposto no Plan Anual de Publicacións da Deputación para o exercicio 2026, así como a seguinte normativa:

**11.1.** Con carácter xeral, a vixente Ordenanza reguladora do Servizo de Publicacións da Deputación Provincial.

**11.2.** A normativa vixente en materia de réxime xurídico do sector público e de procedemento administrativo común, no relativo ás actuacións da Deputación para a tramitación dos procedementos de selección e edición das obras.

**11.3.** A normativa reguladora da propiedade intelectual e a aplicable á contratación de obras artísticas, científicas, musicais ou literarias no sector público, no que atinxe ás relacións entre a Deputación Provincial, os autores e os coeditores.

#### **ANEXO I. Modelo de solicitude**

(Documento separado)

#### **ANEXO II. Modelo de representación**

(Documento separado)

**2º.- Ordenar a publicación destas bases no BOP e no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense.**

**4º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE PARADA DE SIL, PARA DRENAXE E ILLAMENTO DAS VIVENDAS MUNICIPAIS EN FONDODEVILA. IMPORTE: 8.000,00 EUROS (Exp. 2026/396G).**- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a

Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Parada de Sil, nos seguintes termos:

**-Importe:** 8.000,00 euros.

**-Obxecto:** Drenaxe e illamento das vivendas municipais en Fondodevila.

**-Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o orzamento presentado para a concesión da subvención (8.881,40 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo

solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

**-Prazo xustificación:** ata o 30 de xuño de 2026.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

**5º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE ARNOIA, PARA INSTALACIÓN DE NOVO MARCADOR ELECTRÓNICO NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE ARNOIA.**

**IMPORTE: 4.510,62 EUROS (Exp. 2026/409V).**- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Arnoia, nos seguintes termos:

**-Importe:** 4.510,62 euros.

**-Obxecto:** Instalación de novo marcador electrónico no pavillón polideportivo de Arnoia.

**-Xustificación:** A subvención xustificarse mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o orzamento presentado para a concesión da subvención (4.510,62 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.

4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.

5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.

6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da

intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

**-Prazo xustificación:** ata o 30 de xuño de 2026.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

**6º.- SUBVENCIÓN A FAVOR DO CONCELLO DE ARNOIA, PARA REACONDICIONAMENTO DO PECHE PERIMETRAL DO CAMPO DE FÚTBOL DE A QUEIXEIRA. IMPORTE: 21.527,72 EUROS (Exp. 2026/410H).**-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adopta o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Arnoia, nos seguintes termos:

**-Importe:** 21.527,72 euros.

**-Obxecto:** Reacondicionamento do peche perimetral do campo de fútbol..

**-Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
